



DATOS IDENTIFICATIVOS

Tradución especializada idioma 2: Servizos culturais: Francés-Galego

Materia	Tradución especializada idioma 2: Servizos culturais: Francés-Galego			
Código	V01G230V01933			
Titulación	Grao en Tradución e Interpretación			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	4	1c
Lingua de impartición	Francés Galego			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Fernández Ocampo, Anxo			
Profesorado	Fernández Ocampo, Anxo Luna Alonso, Ana			
Correo-e	valquente@gmail.com			
Web				
Descrición xeral	<p>"Servizos culturais: Francés-Galego" é unha materia pluridimensional ambientada no sector dos servizos e nutrida por textos de contido cultural, que corresponde con prácticas moi activas no mercado profesional, como pode ser a xestión e tradución dos patrimonios culturais ou a organización de eventos. Ademais da diversidade dos xéneros textuais que a compoñen, outra característica da tradución dos servizos culturais é o feito de que non hai operación nin proxecto comercial que non se exprese nunha linguaxe cultural, o cal explica que esta especialidade é unha das principais aliadas na formación en tradución publicitaria. O cultural serve logo de rexistro comunicativo no que se expresan tensións económicas, identitarias e políticas.</p> <p>O seu ensino pretende atender non só a vertente fr/gl (en calquera das direccións), senón que constitúe unha introdución eficaz ás actividades propias deste sector especializado.</p>			

Competencias

Código	
A1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
C3	Dominio da lingua propia, escrita e oral
C4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo
C8	Destreza para a procura de información/documentación
C9	Coñecemento dos aspectos económicos e profesionais
C12	Posuír unha ampla cultura
C16	Capacidade de deseñar, organizar o traballo e xerir e coordinar proxectos
C17	Capacidade de tomar decisións
C18	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica
C22	Destrezas de tradución

C24	Capacidade de aprendizaxe autónoma
C25	Coñecementos de cultura xeral e civilización
C26	Coñecementos temáticos básicos de cada unha das especializacións
C27	Capacidade de razoamento crítico
D2	Coñecemento dunha segunda e unha terceira lingua estranxeira
D3	Capacidade de organización e planificación de proxectos
D4	Resolución de problemas
D7	Toma de decisións
D8	Compromiso ético e deontolóxico
D9	Razoamento crítico
D12	Traballo en equipo
D13	Traballo nun contexto internacional
D15	Aprendizaxe autónoma
D16	Adaptación a novas situacións
D17	Comprensión doutras culturas e costumes
D18	Creatividade
D24	Deseño e administración de proxectos

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Aprender a traducir textos derivados dos sectores dos servizos culturais na combinatoria francés / galego, e en xeral adquirir as competencias de tradución propias da especialidade da tradución de servizos culturais.	A1	C3 C4 C8 C16 C17 C18 C22 C24 C27	D2 D3 D4 D7 D9 D15 D16 D18 D24
Formarse en métodos, habilidades e técnicas de tradución que empreguen a creación discursiva como estratexia principal. Saber aplicar os métodos aprendidos a outras especialidades de tradución diferentes.	A2 A3 A4	C4 C16 C18 C22 C24 C26 C27	D2 D3 D4 D7 D9 D15 D16 D18
Desenvolver competencias profesionais prospectivas, baseadas no coñecemento das dinámicas do mercado, no comportamento e expectativas da clientela e na anticipación de necesidades.	A4 A5	C9 C12 C16 C17 C24 C25 C26 C27	D3 D7 D8 D12 D13 D15 D16 D17 D24

Contidos

Tema	
0. Ecosistema profesional	Países francófonos exportadores de cultura / Comunicarse con empresas e axencias francesas / Automatización do proceso de tradución / Viabilidade da postedición de textos de servizos culturais
1. Patrimonio	Noción de paisaxe cultural / Integración de patrimonio material e inmaterial / Terminoloxías vernáculos / Producción, xestión e transmisión do patrimonio cultural / Traducir os discursos museográficos e expositivos / Tradución e soporte / Sinais / Edición multilingüe
2. Turismo	A mirada estranxeira sobre os espazos galegos / Traducir accesibilidades, direccionalidade, mapas / Nomenclaturas francófona e galega / Tipoloxía de aloxamentos / Tradución dos sistemas onomásticos / O prêt-à-porter semántico / A tradución de realia

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	8	10
Lección maxistral	10	10	20
Obradoiro	10	20	30
Resolución de problemas de forma autónoma	16	24	40
Saídas de estudo	6	24	30
Presentación	4	16	20

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Actividades introdutorias	As actividades introdutorias consisten na sesión de presentación, no inicio do semestre. Nela exporase a posición da materia no contexto dos estudos de grao, os obxectivos do curso, a metodoloxía, as actividades e o sistema de avaliación.
Lección maxistral	O formato de clase maxistral está indicado para transferir coñecementos e sensibilizar o alumnado sobre temas tanto xerais como transversais. Serve para iniciar á metalinguaxe asociada ás destrezas precisas nesta materia, e transmitir formas de adquisición da información e de comprensión do sentido. Serve para estruturar contidos dos temas máis teóricos, ou que precisan desenvolvementos narrativos máis longos e completos.
Obradoiro	Nos obradoiros propóranse actividades envolventes (documentación, estudo de casos, traducións dirixidas) arredor de temas transversais para a adquisición de destrezas na tradución de textos para os servizos culturais. Unha posibilidade de obradoiro consiste na tradución de narrativas populares que compoñen as lendas e relatos asociados ós lugares ou ós acontecementos, e que sistematicamente forman parte do corpus textual traducible nos proxectos de visibilización cultural.
Resolución de problemas de forma autónoma	Corresponde coa realización de encargos de tradución. Todas as encargos propostas proveñen do mercado real e consisten na tradución gl/fr de textos de volume calibrado, que pertencen á temática vinculada ó ámbito de especialidade correspondente. Esta é a principal ferramenta metodolóxica do curso, malia que o enunciado (resolución de problemas) sexa contrario ós contidos desta materia, pois nela preferírase falar de "dificultades" e non de "problemas". Con esta metodoloxía o alumnado escollerá as súas estratexias de traballo de maneira autónoma. Esta autonomía responde ó nivel de responsabilización que se lle esixe ó alumnado, e que se plasma en tomas de decisión individuais e na capacidade para aterse a criterios desenvolvidos a medida que progresa o seu traballo de tradución.
Saídas de estudo	Sempre que haxa medios materiais, o grupo de alumnado, orientado polo/a docente, visitará dous lugares ou institucións e/ou museos ou exposicións ou eventos relacionados cos contidos da materia. O obxectivo das saídas de estudo é de elaborar proxectos de tradución sobre a base dunha experiencia real. Os textos traducidos derivados destas saídas formarán parte da avaliación continua. A presencialidade (6 horas) corresponde a 4 sesións de hora e media que non se impartirán na aula, e equivalentes a unha xornada. Nesta ocasión, a docencia trasladarase fóra do campus, ó lugar da saída de estudo. A Universidade de Vigo facilitará os medios e o apoio loxístico necesario para estas saídas.
Presentación	Ábrese un tempo no que o alumnado prepara un traballo antes de expoñelo en clase.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Resolución de problemas de forma autónoma	Prestaráselle ó alumnado atención directa tanto na aula como fóra dela por medio de titorías personalizadas.
Obradoiro	Prestaráselle ó alumnado atención directa tanto na aula como fóra dela por medio de titorías personalizadas.

Avaliación			
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe

Resolución de problemas de forma autónoma	[réxime de avaliación continua] A avaliación terá en conta a capacidade de progresión do alumnado. Polo tanto a nota deste apartado calcularase a partir das 3 mellores de 4 encargas entregadas ó longo do semestre.	40	A1 A2 A3	C3 C4 C8	D2 D4 D7
				C17 C18 C22 C24 C25 C26 C27	D9 D12 D13 D15 D16 D18 D24
Saídas de estudo	[réxime de avaliación continua] O traballo de campo serve para familiarizarse co lugar e as instalacións dunha entidade cultural que preste a súa colaboración para coñecer ou mesmo protagonizar a súa política tradutora. As entidades poderán ser un museo, un espazo expositivo, un concello, un arquivo, unha oficina de turismo, unha asociación, unha ONG, unha empresa da industria cultural ou en xeral a organizadora dun evento. Esta experiencia serve para compoñer un limitado corpus de textos para traducir. A nota dos traballos realizados polo alumnado componse da participación activa nas saídas de estudo (5% da nota final) e da aceptabilidade e calidade do produto traducido (35% da nota final: 20% para a saída co obxectivo de aprendizaxe máis complexo e 15% para a saída de estudo co obxectivo de aprendizaxe menos complexo). Contéplase a posibilidade de realizar unicamente unha saída, cun valor relativo que representaría o 35% da nota, ademais do 5% por participación activa. En caso de un/ha alumno/a non poder participar nas saídas (por razóns xustificadas) o docente proporalle unha actividade paralela adaptada ás súas circunstancias. De non ser posible organizar as saídas de estudo, o esforzo de traballo pasará a converterse nunha 5ª encarga de tradución da metodoloxía da "resolución de problemas de forma autónoma". O sistema de cualificación desta metodoloxía mudaría de xeito que a nota final proviría da media das 4 mellores notas das 5 encargas.	40	A3 A4 A5	C3 C4 C8 C9 C12 C16 C24 C25 C26	D2 D3 D7 D8 D12 D13 D15 D16 D24
Presentación	Presentación oral en clase dun traballo sobre o tema de .	20			

Outros comentarios sobre a Avaliación

O alumnado deberá informar ó docente nas dúas primeiras semanas de clase a súa elección de acollerse ou non á avaliación continua.

O alumnado que non se acolla ó réxime da avaliación continua ou que non xunte as condicións esixidas para seguir en réxime de avaliación continua (non entregar todas as encargas nos prazos sinalados ou non realizar as demais actividades) deberá presentarse ó exame final, que terá lugar consonte ás instrucións e o calendario publicados pola facultade. O exame consistirá nunha proba escrita de tradución e unha proba escrita de resposta longa a modo de comentario sobre os procedementos de tradución aplicados.

O alumnado que suspenda o exame de decembro-xaneiro deberá presentarse ó exame final de xuño-xullo de 2022.

O exame da segunda edición de actas, en xuño-xullo de 2022, iniciarase o día da convocatoria oficial que estableza a Facultade. Consistirá nunha proba escrita de tradución e unha proba escrita de resposta longa a modo de comentario sobre os procedementos de tradución aplicados.

Todas as probas se realizarán via plataforma de teledocencia, contarán cun prazo para o seu desenvolvemento e ningunha delas será presencial.

OUTROS COMENTARIOS

Presencialidade

Enténdese que o alumnado que se acolle ó sistema de avaliación continua ten que poder asistir ás clases de forma regular. O docente poderá excluír do sistema de avaliación continua aquela persoa que de forma non xustificada falte a máis de tres sesións no cuadrimestre. O alumnado excluído do sistema de avaliación continua pasará a avaliarse polo sistema de avaliación única.

O alumnado que desexe cursar a materia en réxime de avaliación continua pero por razóns xustificadas ou polas súas circunstancias laborais non poida asistir ás clases presenciais deberá comunicarlle estas circunstancias ó docente. Este arbitrará outros sistemas de control da participación na materia mediante traballos de curso con prazos na plataforma de

teledocencia. Estes mesmos sistemas de control serán de aplicación en caso de modalidade mixta ou non presencial.

Plaxio

A copia ou plaxio total ou parcial en calquera tipo de traballo ou exame suporá un cero nesa proba. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá o alumnado dasúa responsabilidade neste aspecto.

Teledocencia

É responsabilidade do alumnado consultar os materiais e as novidades a través da plataforma de teledocencia e de estar ó tanto das datas nas que as probas de avaliación teñen lugar.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Bibliografía Complementaria

O profesorado ocuparase de que o estudiantado acceda directamente a materiais de consulta, **El equipo docente proveerá directamente al estudiantado de las fuentes de consulta necesarias,**

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Traballo de Fin de Grao/V01G230V01991

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Tradución editorial idioma 1: Francés-Galego/V01G230V01928

Tradución medios audiovisuais idioma 1: Francés-Galego/V01G230V01924

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Antropoloxía: Antropoloxía das prácticas de tradución e interpretación/V01G230V01209

Cultura e civilización para a tradución e a interpretación (conceptualizacións básicas): Francés/V01G230V01418

Tradución idioma 2, II: Francés-Galego/V01G230V01508

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

Na aplicación do plan de continxencia sobre a modalidade mixta, na que unha parte do estudiantado asistirá ás aulas de forma presencial e outra parte seguirá as clases dun modo síncrono (preferentemente) ou asíncrono, o profesorado manterá as metodoloxías, a atención personalizada e os sistemas de avaliación como se indica para a modalidade presencial, adaptando os grupos de estudantes e as quendas para cumprir coa normativa sanitaria que se estableza no seu momento.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===

* Metodoloxías docentes que se manteñen ou que se modifican

As actividades introdutorias e as leccións maxistras impartiranse tanto no modo síncrono como asíncrono. Non se establecerá ningunha preferencia entre estes dous modos; o docente poderá escoller o modo que mellor se axeita ó tipo de contidos que imparte, e alternar o seu uso aproveitando a eficacia didáctica de cada modo.

A parte presencial da resolución de problemas e os obradoiros atenderanse durante as sesións en modo síncrono, ou mediante un diálogo estreito e intervencións asíncronas. Co apoio da súa institución, o profesorado da materia preparará formatos de clase asíncrona a través dos cales se impartirán os contidos destas metodoloxías.

O procedemento de compensación das actividades de saída de estudo figura no capítulo da avaliación.

* Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías)

O tempo que a normativa lle dedica ás titorías será o mesmo, pero os horarios de titorías pasarán a ser móbiles para poder adaptarse ó ritmo dos grupos e de cada estudante, sempre de luns a venres dentro do marco horario convencional. As titorías convocaranse no despacho virtual do docente da materia.

* Modificacións (se proceder) dos contidos a impartir
Os contidos non se modifican.

* Bibliografía adicional para facilitar a auto-aprendizaxe

Coa previsión de que non sexa posible o acceso a bibliotecas e a espazos de consulta, o docente proverá dende o inicio do curso o estudantado con referencias, textos e materiais electrónicos que equivalen ás lecturas previstas para ese curso. Ditos materiais estarán accesibles na rede, ou serán conservados e subidos a faitic polo docente.

* Outras modificacións

Non hai outras.

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===

O sistema de avaliación enunciado no apartado correspondente desta guía é compatible cunha situación de non presencialidade, ou está directamente deseñado como non presencial.
